

	MANUAL DE CALIDADE			
Título Capítulo: POLÍTICA DE CALIDADE	Código		Cap. 6	
	Edición	01	Data	24/07/24

6. Política de Calidade:

A Política de forGA, como fundación adicada a accións formativas para persoas traballadoras en situación de desemprego e formación continua para persoas traballadoras ocupadas nos diferentes sectores produtivos de Galiza, ten por obxecto:

- Fomentar o estudo, a investigación, o desenvolvemento e a execución, de accións, programas e proxectos, en materia de Medios e Sistemas de Comunicación, Medio ambiente e Novas Tecnoloxías; así como en materia social, socio-laboral, de saúde laboral e formación profesional das/dos traballadoras/ores en Galiza.
- Promover ou colaborar no estudo de necesidades de formación e cualificación dos traballadores e traballadoras de Galiza.
- Promover ou colaborar no deseño e realización de programas e proxectos de desenvolvemento, dirixidos a mellorar ou optimizar metodoloxías, procesos e contextos de aprendizaxe, en materia de formación e cualificación profesional.
- Promover ou colaborar no deseño e execución de programas, estudos e proxectos, tanto de investigación e desenvolvemento, como de execución e posta en práctica, de iniciativas dirixidas aos ambientes produtivos e de traballo, ao desenvolvemento local e rexional, e ao fomento do emprego e a inserción e orientación laboral.
- Investigar, desenvolver e difundir as novas tecnoloxías e as tecnoloxías emerxentes no sector das Comunicacións e a Sociedade da Información, promovendo a súa implantación como un factor estratéxico de desenvolvemento económico e fonte de creación de novos postos de traballo.
- Investigar sobre sistemas e desenvolvemento tecnolóxico, destinados á defensa do Ambiente e ao desenvolvemento das Enerxías Renovables; promovendo a súa implantación como un factor estratéxico de desenvolvemento sustentable e fonte de creación de novos postos de traballo.
- Desenvolver e executar accións, programas e proxectos, en materia de Prevención de Riscos Laborais, Saúde e Hixiene Laboral, así como promoción e execución de iniciativas de cualificación profesional nestas materias e implantación de plans de prevención de Riscos Laborais nas empresas.
- Contribuír á mellora das condicións de traballo mediante a intervención na Formación Permanente das traballadoras e traballadores galegos.
- Participar nas modalidades e niveis que defina o Padroado na execución directa ou indirecta, de actividades de Orientación Laboral e Profesional, Formación e Cualificación Profesional dos/das traballadores/as galegos/as, tanto ocupados como desempregados/os.

Título Capítulo:

POLÍTICA DE CALIDADE

Código

Cap. 6

Edición

01

Data

24/07/24

- Prestarlle atención prioritaria á inserción laboral e a formación e cualificación profesional ás/a os despedidas y despedidos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tais como: xoves en busca de emprego, mulleres en busca de emprego, persoas con minusvalía, maiores de 45 anos, emigrantes retornadas/os, despedidas/os de longa duración e persoas en risco de exclusión social.
- Promover, deseñar e executar iniciativas e programas de formación e cualificación profesional.
- Promover ou colaborar no deseño e execución de programas, estudos e proxectos orientados á promoción da economía social como factor de desenvolvemento de Galiza.
- Desenvolver iniciativas e proxectos que promovan, fomenten e difundan a lingua galega como elemento chave na formación e capacitación das traballadoras e dos traballadores, e como fonte de maior valor e riqueza cultural, histórica e económica para a sociedade galega.
- Promover ou colaborar no deseño e execución de accións, programas e proxectos de formación, ocio e cultura que impliquen a mellora nas condicións de vida dos traballadores/as galegos/as e o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

A calidade e a preservación do medio é un compromiso da fundación e unha responsabilidade individual de cada membro do colectivo, que debe plasmarse en acción concretas que se reflexan interna e externamente na imaxe da organización, identificándose coa profesionalidade e calidade do servizo. Por iso orientamos as nosas accións para:

- **SUPERAR EXPECTATIVAS:** Controlar constantemente que respondemos en todo momento as esixencias e/ou expectativas dos nosos clientes.
- **PROPORCIONAR RECURSOS:** Proporcionar os medios axeitados para que todo o persoal poida identificar e ou eliminar libremente os obstáculos que impidan mellorar a Calidade do noso servizo.
- **PREVIR CONTAMINACIÓN** mediante a identificación, avaliación e control dos aspectos ambientais derivados do desenvolvemento da actividade e priorizando aqueles materiais máis ecolóxicos e realizar a súa correcta xestión do residuos xerados.
- **RESPECTAR e COMPROMETERSE** co medio ambiente, favorecendo a participación activa do persoal, así como, proporcionar ferramentas de formación e sensibilización ambiental para a preservación do medio.

Título Capítulo:

POLÍTICA DE CALIDADE

Código

Cap. 6

Edición

01

Data

24/07/24

- **FOMENTAR A MELLORA CONTINUA:** Considerar a mellora continuada da calidade e o medio ambiente un obxectivo permanente que incremente a calidade percibida polos nosos clientes.
- **SISTEMATIZAR PROCESOS:** Sistematizar procesos, servizos e metodoloxías de actuación.
- **MELLORAR A TECNOLOXÍA:** Implicación de novas tecnoloxías nos nosos servizos.
- **PREVIR ERROS:** Corrixir aquelas non conformidades que se produzan, pero poñer énfase na prevención para evitar a repetición.
- **PARTICIPACIÓN DO PERSOAL:** Favorecer un ambiente participativo entre os empregados, integrándose como obxectivo común e mellorar as comunicación co fin de facilitar o traballo en equipo e fomentar a mellora continua.
- **MANTER A ÉTICA:** Traballar en todo momento dentro da máis estrita ética profesional.
- **SATISFACER AO CLIENTE** Conseguir a plena satisfacción do cliente mediante o cumprimento dos requirimentos contratados.
- **INNOVAR** Manteren un alto nivel de innovación nos nosos servizos, nun marco de un sistema permanente de mellora continua.
- **CUMPRIR A LEGALIDADE** Cumprir coa lexislación e normativa aplicable.
- **FORMARSE** Potenciar a formación necesaria para conseguir unha equipa de persoal altamente cualificado.

Esta Política do Sistema de Calidade e Medio ambiente acorde os requirimentos das Normas UNE EN ISO 9001:2015 e UNE EN ISO 14001:2015 servirá como marco para o establecemento dos Obxectivos anuais, e para a súa revisión.

Revisarase periodicamente co fin de verificar a súa adecuación ao traballo diario da fundación.

A Xerencia establece medidas necesarias para asegurar que a política se difunda e entenda en todos os Departamentos da organización, a cal, é revisada e mantense ao día.

Título Capítulo:

POLÍTICA DE CALIDADE

Código

Cap. 6

Edición

01

Data

24/07/24

Este compromiso esixe actitudes de colaboración e participación a todos os niveis, onde a información, comunicación e aumento da competencia do persoal é indispensable.

Desenvolvemos a nosa actividade tendo en conta sempre que o noso traballo deberá:

- ASEGURAR A SATISFACCIÓN DO CLIENTE
- RESPETAR O MEDIO AMBIENTE

Ado. Xerencia



24 de xullo de 2024